



# As follas máxicas



Unha vez, na biblioteca do colexio  estaba moi aburrido (pois xa lera todos os libros) e decidiu chamar á súa amiga a bruxa Maruxa , para que a introducise nun deles. Colleu un  e o  e chamou á .

– Ola, aquí aa , quen é? O esqueleto dunha bolboreta?, Drácula?, unha filloa parlante? Quen? Digamo, por favor!!!




– Vale, vale, non te poñas dos nervios, son , e só quero que me teletransportes a un dos contos da biblioteca.


– Claro, claro, non hai problema, pero, cal conto?

– Pois este da **ILLA PERDIDA**”

Ben, alá vou:

**POLOS RAIOS DA CENTELLA E DO PERIQUI  
NO CONTO DA ILLA PERDIDA ENTRAS TI**

E nun intre  atopouse nunha barca de madeira rodeado dun montón de  famentos, nun pantano con auga chea... de !!!

Tiña moito medo, pero na auga observou algo que lle chamou a atención, era, coma unha enciclopedia dos , tiña ata o seu punto débil! Leuna e díxoo en voz alta:



**"SON UN TEMIBLE CAZADOR,  
UN CAZADOR DE CROCODILOS"**




Só con escoitar iso as bestas marcharon aterrorizadas.  sorprendeuse e acercouse á beira, pero antes recolleu algunhas  do pantano. Na beira había moitas


árbores con follas **BRANCAS, BRANCAS, BRANCAS** ??? Eran folios!!! E folios

máxicos por se fora pouco!  deuse conta e escribiu nun folio:

**"SE TAN MÁXICAS SODES,  
DESTA ILLA ÍDESME DAR  
UN DOS TERSOUROS MÁIS VALIOSOS  
QUE UN PIRATA PUIDO ENTERRAR"**



E diante dos morros de  apareceu un tesouro cheo de ouro...máxico! E tan máxico que era que o transportou á biblioteca de novo.

E o feliz  contoulles a todos a súa historia, pero ninguén o creu. Todos pensaron que toleara.

**e colorín, colorado... conto rematado**